

## INDICADORES COMÚNS DE RESULTADO A LONGO PRAZO SOBRE PARTICIPANTES

Información requirida de conformidade ao estipulado no artigo 5 do Regulamento (UE) N° 1304/2013, do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo.

DATOS DA OPERACIÓN	
NOME DA ORDE	PROCEDEMENTO

DATOS DO/A PARTICIPANTE	
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	Doc. Identificativo
DIRECCIÓN E DATOS DE CONTACTO	TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO	

### DECLARACIÓN DA PERSOA PARTICIPANTE

Mediante este documento declara que a súa situación transcorridos 6 meses dende a súa participación na actividade é a seguinte:

EMPREGO	Marque a opción máis axeitada(só unha)
Obtivo un emprego, incluído por conta propia, no prazo dos seis meses seguintes á súa participación.	<input type="checkbox"/>
Mellorou a súa situación no mercado de traballo no prazo dos seis meses seguintes á súa participación (só para empregados ao comezo)?	<input type="checkbox"/>
Ningunha das anteriores	<input type="checkbox"/>

EMPREGO XUVENIL	Marque a opción máis axeitada(só unha)
É participante en educación continua ou programas de formación que dan lugar a unha cualificación, unha aprendizaxe ou un período de prácticas nos 6 meses seguintes á súa participación?	<input type="checkbox"/>
Resultou empregado no prazo de seis meses seguintes á súa participación?	<input type="checkbox"/>
Traballa como autónomo no prazo de 6 meses tras a súa participación?	<input type="checkbox"/>
Ningún dos anteriores	<input type="checkbox"/>

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, infórmase do seguinte:

Os datos de carácter persoal recollidos neste formulario serán tratados na súa condición de responsable pola Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, con enderezo no edificio administrativo de San Caetano, s/n de Santiago de Compostela. Teléfono: 981545154. enderezo electrónico: [dx.politica.financeira.tesouro.fondos.europeos.facenda@xunta.gal](mailto:dx.politica.financeira.tesouro.fondos.europeos.facenda@xunta.gal)

A finalidade do tratamento é o de levar a cabo as obrigas recollidas nos artigos 50 e 56 do Regulamento (UE) n° 1303/2013 e desenvolvidas no artigo 5, no artigo 19 e nos Anexos I e II do Regulamento (UE) n° 1304/2013.

Os datos serán conservados durante o tempo esixible pola normativa comunitaria, o cal será como mínimo ata o peche do período de programación.

O tratamento dos datos baséase na obriga comunitaria de recoller datos detallados sobre cada participante que se beneficie dunha axuda procedente do Fondo Social Europeo, incluído o Programa de Garantía Xuvenil.

Os datos só poderán ser cedidos para o cumprimento das obrigas relacionadas coa auditoría e co bo desenvolvemento da xestión encomendada.

Toda persoa participante está obrigada a facilitar a información aquí solicitada, agás os datos especificamente sinalados como de carácter opcional. A negativa a subministrar esta información obrigatoria pode conlevar a súa correspondente penalización.

As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación ou oposición ao seu tratamento. Poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou en calquera das Oficinas de rexistro e información propias da Xunta de Galicia, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Ademais terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Contacto do delegado de protección de datos e información adicional: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

Lin a información Básica sobre protección de Datos e doume por informado.

SINATURA DA PERSOA PARTICIPANTE

Lugar e data

, de de de